

## PASADO, PRESENTE E FUTURO NOS TRABALLOS LEXICOGRÁFICOS DA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA

*Guillermo Rojo*

Universidade de Santiago de Compostela / Real Academia Española

### 1. INTRODUCCIÓN

Tratarei de esbozar as liñas xerais da lexicografía académica no pasado, as características básicas do que se está a facer na actualidade e os parámetros esenciais que, na miña opinión, van determinar a súa evolución no futuro inmediato.

### 2. O PASADO

Como é ben sabido, os primeiros Estatutos da Real Academia Española establecen con toda claridade as obrigas que os seus fundadores consideran inescusables na complicada etapa pola que pasaba o español no primeiro cuarto do século XVIII: publicación dos tres grandes códigos nos que, ao seu entender, estaba baseada a importancia e consistencia dunha lingua, isto é, un dicionario, unha gramática e unha ortografía. A esas tres grandes obras engadían outras como, por exemplo, unha historia da lingua e unha poética. As tres primeiras foron aparecendo no decurso do século e a primeira delas, o dicionario, foi, como tamén é ben coñecido, unha auténtica novidade nas obras lexicográficas. Resulta realmente asombroso que aqueles primeiros académicos, sen formación técnica ningunha, conseguiran en soamente 26 anos preparar os materiais, redactar e publicar a totalidade dunha obra que superaba, con bastante distancia, os estándares da época. O coñecido habitualmente como *Diccionario de Autoridades* segue a ter grande utilidade hoxe, e non unicamente no referente á historia da lexicografía.

Despois da publicación da primeira edición da *Ortografía* e en paralelo cos traballos de preparación da futura *Gramática*, acometeron a

segunda edición da obra, na que pensaban aplicar numerosas melloras técnicas, incorporar un grande número de voces que non aparecen en *Autoridades* e tamén eliminar algunhas das que figuran na edición. O ritmo foi xa bastante diferente e a obra non chegou a aparecer nunca. O primeiro tomo da segunda edición saíu en 1770 –co que temos a posibilidade de estudar as diferenzas de concepción entre as dúas– e pouco despois decidiron acometer os traballos de redución da obra, para facela máis accesible. O resultado desa decisión é o *Diccionario de la lengua castellana compuesto por la Real Academia Española, reducido a un tomo para su más fácil uso*, publicado en 1780 (RAE 1780). En realidade, non é unha obra distinta da anterior, senón o que queda dela despois de sérenlle retiradas as autoridades, os textos que aboan cada unha das palabras e acepcións mencionadas.

O proxecto do dicionario grande non é abandonado, seguen a traballar nel durante bastantes anos, pero son as sucesivas edicións do *DRAE* as que absorben a maior parte dos esforzos dos académicos da época. O dicionario común emprende así, con este mal paso inicial, un camiño irregular, que agora podemos seguir con comodidade en todos os seus detalles grazas á existencia do *Tesoro lexicográfico del español*, a disposición dos interesados na páxina electrónica da Academia.

Non é posible, nin teño eu competencia para facelo, afondar aquí nos detalles da evolución experimentada por esta obra que, con todos os seus defectos, é a columna vertebral, a espiña da lexicografía hispánica. Moitas das edicións feitas nos case que douscentos cincuenta anos seguintes limítanse a facer algunhas adicións de palabras ou acepcións ou corrixir pequenos detalles nas definicións. Outras, en cambio, establecen fitos importantes polas adaptacións estruturais que supoñen ou ben, coma as de 1925 e 2001, pola atención especial prestada ás voces usadas en América.

En rápida síntese, as características básicas de toda a vida do *DRAE* anterior á edición de 2001 eran as seguintes:

(a) As edicións sucesivas ían retocando as anteriores na medida e direccións que en cada caso se consideraban axeitadas. Non se producía nunca unha reformulación radical do *DRAE*, polo que, mesmo aínda na versión actual, é posible localizar acepcións que teñen unha formulación non moi distinta da que aparece en *Autoridades*.

(b) Aínda que publicado pola Academia Española, o *DRAE* foi considerado sempre unha obra colectiva, na que a colaboración das Academias americanas era imprescindible. A Academia española favoreceu a creación de Academias nas vellas colonias americanas e tamén en Filipinas.

As Academias americanas controlaban as propostas de modificación, que se publicaban no *BRAE*, e facían propostas de inclusión de voces específicas dos países respectivos. Dende a creación da *Asociación de Academias de la Lengua Española*, en 1951, hai unha Comisión permanente da Asociación, que, formada por representantes de diferentes Academias, traballa en Madrid durante cinco meses cada ano. Esa Comisión é a que se ocupa de tomar as decisións pertinentes sobre as voces americanas.

(c) A pesar da competencia dos técnicos e da boa disposición dos académicos, a documentación manexada habitualmente para o *DRAE* resultaba escasa e, en moitos casos, deficiente. A decisión de prescindir das autoridades creou uns hábitos de traballo que en moitas ocasións levaron a reducir a documentación previa á que figuraba noutras obras lexicográficas (en moitos casos transmitida dunhas a outras) ou a basearse nas achegas persoais de académicos ou correspondentes. De aquí derivaba tamén unha dificilmente salvable descompensación de materiais (por citar un único factor, na edición actual hai 576 acepcións distribuídas en 526 entradas que levan a marca correspondente á provincia de Salamanca).

O *DRAE* é, sen dúbida ningunha, o elemento central da lexicografía académica, pero, como é ben sabido, non é o único. Flanquéano, por unha parte, o *Diccionario manual* (RAE 1927), que tivo varias edicións e ofrecía unha forma útil e cómoda de paliar os efectos negativos da ás veces excesiva distancia entre edicións sucesivas da obra de referencia e tamén un lugar no que formular propostas provisionais que non se consideraba axeitado introducir directamente no *DRAE*. Pola outra, o *Diccionario histórico*, que pretendía ser un diccionario integral do español de todas as épocas en todas as súas variedades. Tras do intento frustrado anterior á guerra civil (RAE 1933-1936), o proxecto de Casares, ben fundamentado nos presupostos metodolóxicos da época na que foi concibido, deu lugar a unha importante recolleita de material, estimado nuns doce millóns de papeletas, pero os atrasos producidos polo choque entre uns obxectivos excesivamente ambiciosos e a imposibilidade de manter os recursos humanos e materiais que precisarían levou a Academia a suspender o proxecto en 1996 para reenfocalo dende una perspectiva distinta.

A falla destes outros dous elementos do conxunto explica probablemente algunhas das características menos positivas do *DRAE*. Tiña que ser un rexistro do xa consolidado e bendicido polo uso culto en todo o mundo hispánico, pero tamén debía dar orientacións sobre formas que se estaban difundindo, co risco que iso supón. Tiña que ser un diccionario de uso do español actual, pero tamén tiña que axudar a quen necesitaba

consultar formas ou expresións dos textos clásicos. Non é doado conxugar nunha obra única obxectivos tan discordantes entre si.

### 3. O PRESENTE

A actuación da Real Academia Española nos últimos anos está marcada pola intención de crear as condicións necesarias para remediar os defectos e inconsistencias da etapa anterior. En primeiro lugar, sen dúbida, a orientación panhispánica de todos os seus traballos. O obxectivo declarado, que é a consecución dunha norma culta unitaria que non negue as peculiaridades das normas nacionais ou areais non é, en definitiva, nada máis que o recoñecemento das características xeográficas, sociopolíticas e culturais do español no mundo actual. Existe unha estreita colaboración entre as 22 Academias que integran a Asociación, manifestada no feito de que as publicacións son conxuntas a partir da *Ortografía*, aparecida en 1999. E, por suposto, non se trata simplemente da publicación: o sistema de traballo adoptado habitualmente consiste na designación dun responsable de cada proxecto en todas as Academias e a constitución dunha comisión interacadémica, estruturada por áreas lingüísticas, que examina todos os materiais e valora as observacións formadas polas diferentes Academias.

Evidentemente, fixar como obxectivo un español xeral, relativamente unitario ao tempo que respectuoso coas características rexionais só é posible cun decidido investimento en infraestrutura documental. Esa é a intención coa que a RAE decidiu en 1995 emprender a confección do *Corpus de referencia del español actual (CREA)* e, poucos meses despois, como primeiro paso tamén para o novo proxecto de *Diccionario histórico*, do *Corpus diacrónico del español (CORDE)*. Na actualidade (novembro de 2006), o *CREA*, a disposición pública dende 1998, consta duns 155 millóns de formas gráficas procedentes de textos dos mais diversos tipos e de todos os países hispánicos, producidos entre 1975 e 2004. Pola súa parte, o *CORDE* contén textos dende as orixes do idioma ata 1974 e consta actualmente de algo máis de 270 millóns de formas. En conxunto, pois, máis de 400 millóns de formas coas que os investigadores poden documentar e estudar o uso, a difusión, a frecuencia e máis a evolución de palabras e de expresións do español de todos os tempos. O *Diccionario panhispánico de dudas (DPD)*, o *Diccionario del Estudiante* (RAE 2006) o *Diccionario esencial* (RAE 2005) e, naturalmente, a próxima edición do *DRAE* están construídos a partir destes dous enormes cörpera textuais.

A utilización de recursos electrónicos, non podía ser doutra forma, constitúe outra marca distintiva do traballo da RAE na actualidade. As técnicas da lingüística de corpus son, como acabo de sinalar, as utilizadas na recolleita do material no que se documenta e contrasta o contido das diversas obras lexicográficas e tamén a nova *Gramática*. Por outra parte, o *DRAE* é xa realmente unha base de datos lexicográficos organizada para que poida conter non soamente a entrada tal e como é aprobada nas Comisións correspondentes, senón tamén toda a historia interna e o propio decurso 'administrativo' polo que pasa. Grazas ao seu carácter electrónico, é posible agora no *DRAE* realizar un auténtico control do dicionario (referencias internas, por exemplo), garantir a autocontención ou engadir estruturacións adicionais, como, por exemplo, a marcación temática acabada recentemente, que permitirá, por exemplo, acometer a revisión do *DRAE* por áreas. Finalmente, os recursos electrónicos serven para a difusión da obra, que pode aparecer agora en formas ou presentacións imposibles sen eles. O *DRAE*, por exemplo, pon a disposición dos interesados a 22ª edición, publicada en papel e CD, e tamén, como adianto da 23ª, as palabras ou acepcións xa aprobadas polas Academias para a súa inclusión. Facilitase desde xeito a consulta dunha obra permanentemente actualizada, algo imposible de conseguir polos procedementos tradicionais. Os dezaoto millóns de consultas que recibiu a versión electrónica do *DRAE* en setembro do 2006 son testemuña fiable da importancia adquirida por este recurso.

Todo o anterior, aínda que centrado no *DRAE*, aplícase tamén ás outras obras de carácter lexicográfico que as Academias publicaron recentemente e que, nunha consideración global, pretenden atender a obxectivos específicos e, por tanto, descargar o *DRAE* da necesidade de atendelos. O *DPD* pretende dar resposta ás dúbidas lingüísticas dos falantes do español, nesa perspectiva unitaria e diversa á que fixen referencia anteriormente, tratando de dar as razóns que avalan a(s) solución(s) ofrecida(s) en cada caso e actuando tamén como o instrumento no que as Academias fan as propostas que estiman máis aconsellables nos casos nos que se detecta vacilación. O *Diccionario del estudiante* reformula e adapta o contido do *DRAE* ás necesidades dos nosos estudantes do ensino medio. Por fin, o *Diccionario esencial*, que acaba de aparecer, selecciona do *DRAE*, mediante contraste cos datos do *CREA*, as palabras e acepcións correspondentes a ese español xeral que se busca e engádelle aquelas que están xa aprobadas para a próxima edición.

#### 4. O FUTURO

Esta é a liña básica na que a Academia pretende proseguir o seu traballo no futuro inmediato, unha liña marcada fundamentalmente pola colaboración intensa entre todas as Academias, a utilización en profundidade dos recursos electrónicos, a reestruturación do *DRAE* para adaptalo aos máis recentes avances da dicionarística e organización dos recursos existentes nun plan de lexicografía integrada que se manifeste en obras con obxectivos distintos, complementarias entre si.

Amais das citadas no parágrafo anterior, nesta nova xeira o *DRAE* estará acompañado doutras dúas obras que completarán o panorama da lexicografía do español. En primeiro termo, o *Nuevo Diccionario histórico de la lengua española*, que acaba de comezar unha nova formulación que nos permitirá dispor nun máximo de quince anos da historia dos 50.000 lemas centrais do español. En segundo lugar, o *Diccionario académico de americanismos*, que dará cumprimento a unha vella aspiración da Asociación de Academias.

Con todo isto, a próxima edición do *DRAE*, que podería aparecer no 2013, en conmemoración do terceiro centenario da creación da Real Academia Española, corresponderá a unha obra resituada en obxectivos e características. O *DPD* terá a misión de facer propostas en terreos nos que a norma non está aínda suficientemente ben establecida. O *DH* dará a historia dos significados e, naturalmente, conterà tamén as voces que xa non se utilizan e as acepcións desusadas. O *DAA*, pola súa parte, conterà os americanismos que non sexan de uso xeral. En consecuencia, o *DRAE*, desprendido destes compoñentes que o arredan do seu obxectivo central, quedará relevado desas obrigas secundarias que escurecen a súa finalidade fundamental e poderá ser sometido a esa revisión en profundidade que a longa historia da obra central da lexicografía hispánica está demandando en realidade desde a súa primeira edición.